

V – FALA A TREBOADA

Xa está ben, non che parece? Todo o mundo a falar mal de min, a non facer outra cousa que botarme a culpa do asunto da enchente que asolou a vila de C aínda a sabendas de que non teño unha voz coa que defenderme das acusacións. A fama de rabuda e destrutiva é inxusta; ben sei que non adoito andar acotío cunha carga tan grande de humidade, pero has de saber que, desta volta, as circunstancias foran algo distintas ás habituais.



O que ocorreu é que en augas das illas dos Azores, un dos lugares onde é frecuente que comece a formarme, o sol petaba con forza, con moita, moita forza, e en consecuencia ía máis calor da normal; isto ocasionou que a evaporación fose esaxerada, o aire quecese varios graos por enriba do ordinario e, polo tanto, a cantidade de vapor de auga que podía transportar moi superior á acostumada. Isto é un feito, non unha opinión; que eu, malia ser parte implicada no sarillo, de mudanzas climáticas e das liortas esas que vos traedes entre mans nada sei. Atravesei logo o Atlántico en poucos días de tensa calma, incrementando a miña forza no transcurso da viaxe co paso por riba do océano, sabedora de que era só cuestión de tempo que liberara a enerxía que levaba gardada no ventre. Os ventos do oeste que me trouxeron cara aquí non atoparon aire frío ningún no seu camiño que provocara a condensación do vapor que levaba canda min até chegar a esta costa.

E entón sucedeu. Xusto ao chegar, á vista das ribeiras da Fisterra, encontreime de fronte co céfiro que viña do norte; de Irlanda, de Islandia ou dalgún outro xélido lugar aínda máis próximo ao polo. Que ía facer un aire quente e tropical coma min ao atoparse de socato cos fociños do temido vento ártico? Pois ascender. Subir e subir sen pousío cara ao ceo. Que, se non? A friaxe das alturas elevou sen remisión a miña humidade relativa até acadar o cen por cen, o que fixo que chegase ao punto de saturación. Superado ese límite a condensación foi inevitábel e deixei caer de golpe toda a carga que carrexaba

comigo. O que aconteceu deseguido xa o coñeces pola prensa; é doado resumilo en tres palabras: os pluviómetros tolearon.

Intensa e súbita, dixeron de min os xornalistas nos seus artigos e columnas de opinión. Algo normal, penso eu, ou non? Ou que querían, entón? O lóxico é que faga o meu labor, o que por definición me corresponde. Mira nun dicionario e verás ben ás claras de que xeito me describe. Intensa e súbita. Home, e logo! E que, de non ser así, intensa e súbita, non sería unha treboada, sería calquera outra cousa. Parece mentira, como se nunca chovese en outubro. Non sei en que país pensan que viven, no Levante ou no Caribe? Semella que nunca visen ventar e tronar. Está moi ben que se aburguesen, pero o que dende logo non poden agardar é que isto se converta en Marbella, a Costa do Sol ou calquera sitio deses. Si, dixen exactamente iso, que se comportan dunha maneira que unha non pode pensar doutro xeito. Tan só lles falta comezar a construír urbanizacións e campos de golf no que noutrora foran touzas e leiras de millo. Tampouco esaxero tanto, non penses, ben coñezo que iso é exactamente o que moitos están a desexar; non teñen máis pensamento dentro dos miolos que o contido do interior dos seus petos. Non asubíes, ben sei que é posíbel que ti sexas dos que andan a agardar o mesmo.

Mais que lle vou facer; eu son o que son. Se non lles gusta que rañen, ou que me denunciem. Eles mesmos.